

**EN
NADAL
AGASALLA
LIBROS
EN
GALEGO**

UN GASTO QUE XERA MOITA RIQUEZA!

EDLG E BIBLIOTECA DO IES AQUIS CELENIS

Velaquí algunhas recomendacións moi especiais:

NEREA GONZÁLEZ

Alumna de 4^{da} ESO e integrante do club de lectura

Persépole

Autora: Marjane Satrapi

Editorial Rinoceronte

Nesta novela gráfica, a autora narra a súa propia xuventude, dende a súa infancia en Irán a finais dos 70, pasando pola súa adolescencia en Austria e o regreso, xa adulta, ó seu país en retroceso de liberdades. Que sexa unha autobiografía, fai que a historia sexa máis dramática e envolvente. Gústame moito porque ten un ton reivindicativo e conserva a tenrura dunha nena que vive situacións difíciles dende un punto de vista optimista.



ANA RODRÍGUEZ

Encargada da cafetería do centro

¿Que estou a oír?

Autora: Liesbet Slegers

Editorial: Tambre

É o libro preferido do meu fillo Marcos. Paréceme moi interesante para primeiros lectores. Ademais de para ler é moi apropiado para aprender xogando.



ÁNGELES GONZÁLEZ

Profesora de Matemáticas e integrante do club de lectura de profes

Unha árbore, un adeus

Autora: Marina Mayoral

Editorial: Galaxia

A historia dunha muller que despois da morte do seu pai regresa á súa vila natal e mentres planta unha árbore evoca parte do seu pasado. O paso do tempo, a volta ás raíces, a amizade e o amor son os eixos que constitúen unha novela emocionante e chea de matices.



ANA RIAL

Profesora de Lingua Galega e integrante do club de lectura de profes

Laura no deserto

Autor: Antón Riveiro Coello

Editorial: Galaxia

Lin esta novela no Nadal pasado, en tardes de noite e humidade nas que o conforto do sofá e a calor do fogar me facían máis difícil aceptar que a indignidade humana convertesen en deserto a vida de Laura.

Para min unha das mellores obras das últimas décadas e Riveiro Coello un dos grandes da Literatura Galega.



GEMA BARREIRO

Profesora de Lingua Castelá e integrante do club de lectura de profes

Morgana en Esmelle


Autora: Begoña Caamaño

Editorial: Galaxia

Prosa fluída e engaiolante por momentos lírica que nos fai devecer por seguir lendo. Recupérase un Merlín máis histórico que literario, como argallador e conselleiro de reis, mais bótase en falta unha recuperación da figura de Morgana que segue a ser a ida e traida nas distintas variantes do mito celta. Tamén faltan máis implicacións co libro de Merlín e familia de Cunqueiro de quen rescata a figura do mago e menciñeiro.



Para lectores experimentados



O rastro que deixamos
 Autor: Agustín Fernández Paz
 Editorial: Xerais
 Libro de memorias do gran e prolífico autor galego Agustín Fernández Paz. Tamén recomendamos toda a súa obra anterior, tanto a xuvenil coma a de adultos.




Os fillos do mar
 Autor: Pedro Feijoo
 Editorial: Xerais
 Finalista do premio Xerais 2011: O best-seller do ano!!!
 Unha aventura que comprende a Batalla de Rande, a Guerra Civil, nazis e narcos. E no corazón da historia, Vigo e Simón, este último un arquitecto mediocre que terá que desvelar un gran segredo!




Tonas de laranxa
 Autores: María Lorenzo Miguéns
 Manuel Lorenzo Baleirón
 Editorial: Xerais
 Premio Xerais de novela 2012. Escrita man con man por pai e filla, lirismo e personaxes fascinantes inundan unha vila imaxinaria galega. Influencia do universo Cunqueiro para esta deliciosa novela.



En vías de extinción
 Autora: María Reimóndez
 Editorial: Xerais
 Como vén sendo habitual nesta autora, o protagonismo é feminino e a esencia é a reivindicación da pluralidade e da defensa da contorna.



A cea
 Autor: Herman Koch
 Editorial: Galaxia
 Unha apacible cea provoca unha gran tensión cando os pais deben abordar o tema dos fillos adolescentes. Obra de éxito en Europa que foi gañadora do IX Premio Internacional de Novela Europea Casino de Santiago e que agora nos ofrece Galaxia na súa tradución ao galego



Poesía galega completa
 Autor: Celso Emilio Ferreiro
 Editorial: Xerais
 Agora que se cumpren 100 anos do seu nacemento recomendamos redescubrir este autor de máxima actualidade. Esta edición a cargo de Ramón Nicolás achega a obra poética máis coñecida do autor e está enriquecida cun importante número de composicións inéditas.



Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño
 Autor: Camilo Franco
 Editorial: Biblos
 No ano que comeza, dedicado a Roberto Vidal Bolaño recomendamos esta obra para coñecer o xenial dramaturgo e actor. Proximamente en Edicións Positivas, tamén a cargo do mesmo crítico, editarase a súa obra completa en varios volumes.

Sabores, maxia, risos e paixóns



Todo sobre o fútbol galego
 Autor: Carlos Freire Cordeiro
 Editorial Xerais
 Crónica xornalística con
 toques de humor
 que percorre a historia do
 fútbol galego



Antón Reixa. Ghicho distinto
 Autor: Manuel Xestoso, X. Cid
 Cabido
 Editorial: Xerais
 O actual Presidente da SGAE
 fala cos xornalistas sobre a
 súa vida e o seu traballo
 (poesía, cinema, música...)




Do G ao Z
 Dicionario indignado e humorístico
 Autor: Manuel Veiga
 Editorial: Xerais
 Unha proposta diferente para
 entender os nosos días
 (actualidade e historia, cultura
 e política). Reflexión seria en
 clave de humor.



**Compendio de
 herbas máxicas**
 Autora: Montse
 Rubio
 Editorial: Baía
 Edicións
 Dirixido a amantes
 de feitizos, meigas
 e apócemas. Un
 libro bonito de ver
 que esconde
 tesouros que
 arrecenden.



Disfrutar Galicia
 Edición: La Voz de
 Galicia
 Guía de Restaurantes
 galegos para o 2012




**Como falar e escribir
 en galego con
 corrección e fluidez**
 Autor: Carlos Callón
 Editorial: Xerais
 Reflexións necesarias
 pero sen pretensións
 academicistas. Apto
 para os que falan
 galego e para os que
 queren falalo pero non
 se atreven a dar o
 paso.



**Dicionario moderno
 inglés-galego**
 Editorial: 2.0 Editora
 O título xa o di todo.
 Un agasallo ben
 práctico.

Para lectores máis novos




Salpock. O val dos cegos
 Autor: Álvaro López e Luís Sendón

Editorial: Demo
 Banda deseñada recomendada especialmente para os que gustan da ficción científica. Inclúe un mini-xogo de rol de descarga gratuíta.



Palabras de auga
 Autor: Marcos Calveiro
 Editorial: Xerais

Pingas de dignidade que filtran os pasos dun neno suahili na súa loita por sobrevivir o paso á adolescencia nunha contorna hostil. A partir de 11 anos. A calidade literaria faino recomendable para todas as idades.



Bandeiras negras
 Autora: Ana María Galego Gen.

Editorial: Baía
 Gañadora do V Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil 2012. De piratas-mulleres... Aventura asegurada e moito máis.



A verdadeira historia da mosca da tele


Autora: María Solar
 Editorial: Galaxia
 Terceiro conto infantil desta xornalista, que creou esta historia cando nunha sesión de gravación para televisión irrompeu unha mosca en plató. En palabras da escritora este conto mostra como ás veces os bichiños domésticos son máis "humanos" que as persoas.



Cartas de inverno

Autor: Antonio Seijas
 Editorial: Xerais
 Banda deseñada baseada na xenial obra de Agustín Fernández Paz. Misterio, terror... miles de lectores da novela leron o medo, agora ademais pódese ver o terror...

Para lectores aínda máis novos




Marcopola. A illa remeira
 1. As orixes de Marcopola

Autor: Jacobo Fernández Serrano
 Editorial: xerais
 Banda deseñada. A partir de 6 anos. Antes de chamarse Marcopola, era unha illa no océano. Cando aparece un obxecto estraño na súa praia algo vai mudar...



Conto cinco sentidos


Autor: José Campari.
 Ilustración: Simona Mulazzani
 Editorial: OQO
 Cinco libríños da colección para prelectores (a partir de 5 anos) conformando un universo ao redor dos sentidos...Exquisitamente editado, achegan unha ollada inocente dende a que o bebé descobre o mundo.



Rosa caramelo

Autora: Adela Turin
 Editorial: Kalandraka
 A partir de 6 anos. Conto delicioso publicado en 1976, agora traducido ao galego. Segue a ter vixencia, rachando cos estereotipos seguindo os cales o sexo determina unha educación diferenciada.

Para orellas grandes



Rapoemas
 Autora: Aid
 Editorial Galaxia
 Os clásicos galegos (Rosalía, Curros, Cunqueiro) a ritmo do rap desta nova rapeira viguesa.



Meu canto
 Autora: Uxía
 Discográfica: Fol Música
 Premio ao mellor álbum de raíz nos premios da música independente de 2012. A excepcional voz de Uxía Senlle sen artificios, nun disco imprescindible para os que gozan do bo gusto.



Jet Lag
 Banda Crebisky
 Discográfica: Fol Música
 Máis alá do filme para o que foi creada a banda, este segundo traballo amosa unha calidade excepcional de composición e interpretación, cunha mestura de estilos, instrumentos e voces.

Para orellas pequenas



Bicos de música
 Autoría: Mamá Cabra
 Editorial: Galaxia
 Libro con CD e DVD para que canten e bailen os cativos e cativas da casa da man do xa consagrado grupo de música infantil.



María Fumaça
 Varios autores
 Editorial: Galaxia
 Ducias de artistas galegos participan deste proxecto literario e audiovisual colectivo pensado para cantar e bailar. Traballo de gran calidade que ten como protagonista a Rui, un cativo moi especial. Imprescindible!!!!

Para corazóns grandes que ven e escoitan



DVD Engurras
 Autor: Ignacio Ferreras
 Distribuidora: Cameo Media
 Película galega en DVD baseada no cómic Engurras de Paco Roca, Premio nacional de Cómic 2008. A vida dun ancián que acaba de chegar a un xeriátrico cun estado inicial de Alzheimer. Os plans dos seus compañeiros tinxen con comedia e tenrura esta película de animación recomendable para compartir avós, avoas, fillos, fillas, netos e netas.

Os nosos agasallos:

"Decátaste do absurdo do teu razoamento, da falsidade das dicotomías que estableces? Ou é que xulgas a xente como animais? A felicidade non é allea ao desenvolvemento das nosas capacidades nin ao ditado da nosa moral. As persoas non somos bois que limiten as súas arelas á satisfacción das necesidades e apetitos primarios"[...]

Begoña Caamaño, Morgana en Esmelle

O desexo ocupa en min
apenas un metro cadrado.

Iolanda Zúñiga, Vidas post-it

*O poema é unha pedrada na cabeza
Por iso lles recomendamos aos lectores
que usen casco.*

(Colectivo Ronseltz), Fran Alonso,
Poetízate

O tío Sam: Por que será que tódolos que son coma
vostede lle teñen tanto aprecio á cordura? É a que os
ergue pola mañá cada día á mesma hora, ou a que os
ten dicindo que si a todo o que desprezan. O seu fillo
aborrecía dela. Quería ser músico nun mundo no que
mandan as sirenas. Se é certo que todos o
apreciábamos tanto, rindámoslle esta sinxela homenaxe.
(colle os cartos e préndelles lume. Comeza a se
escoitar ao lonxe a dous borrachos cantigando unha
habanera).


Roberto Vidal Bolaño, Saxo Tenor

*As mans buscáronse e pouco a pouco desposuíronse das posibles
palabras para embebedarse por completo de sensacións novas e
excitantes que, por primeira vez, estaban a envolvelos. Espíronse
lentamente, tan lentamente que resultaría desesperante para os
máis presurosos amantes. Pero eles semellaban entenderse como
vellos namorados, expertos antigos, e mesmo parecía que aquilo fose
unha sorpresa, unha turbación, unha peza que faltaba no corpo
dela, unha peza que sobrava no corpo del.*

Rosa Aneiros, Resistencia

**É unha especie de xogo de rol
colectivo do que ninguén parece
zafarse, o medo funciona case como
unha música ou ritmo, unha ecuación
na que se resta da obriga da
velocidade do empregado eficiente o
cansazo acumulado e o calculado até
a fin da xornada.**

Alberto Lema, Da máquina



A LECTURA É ACCIÓN!!!
A LECTURA É ACCIÓN!!!
A LECTURA É ACCIÓN!!!

